

PROXECTO EDUCATIVO

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE CORCUBIÓN



1. ANÁLISE DO CONTEXTO

1.1. Historia do centro:

A Escola Infantil Municipal de Corcubión comezou o seu funcionamento en setembro de 1986. A súa titularidade é de carácter municipal e está financiada para o seu mantemento a través de fondos municipais, dunha subvención da Comunidade Autónoma e das cotas que aportan as familias do alumnado.

Existe unha alta demanda dos servizos da Escola por ser un dos poucos centros destas características na comarca.

A Escola Infantil presta un servizo diúrno de carácter educativo e asistencial, dirixido ao sector infantil da poboación de Corcubión e concellos adxacentes, de 1 a 3 anos de idade, grupo correspondente ao primeiro ciclo da etapa, que se organiza nunha unidade educativa.

Esta escola ten por obxecto contribuír ao desenvolvemento harmónico e integral dos nenos, realizando, ademais, unha importante labor de apoio á función educativa das propias familias, á vez que facilita o acceso das familias ao mundo laboral.

Non ten servizos complementarios como, por exemplo, transporte escolar ou horario amplo de apertura. Si conta con servizo de cociña.

1.2. Titularidade, financiamento e tipo de xestión:

- **Titularidade:**

- **Entidade:** Titular: Concello de Corcubión.
- **CIF:** P1502800D.
- **Enderezo:** Praza José Carrera nº 1 – 15130 Corcubión (A Coruña).
- **Representante legal:** Alcalde/alcaldesa Presidente/a do Concello de Corcubión.

- **Financiamento:** cofinanciado coa Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia.

- **Tipo de Xestión:** directa.

1.3. Entorno socioeconómico e cultural:

O municipio de Corcubión está situado no extremo oeste da provincia de A Coruña (Galicia), na parte máis alta das Rías Baixas e formando parte da chamada Costa da Morte. Está constituído por dúas parroquias, San Marcos de Corcubión (zona urbana) e San Pedro de Redonda (zona rural).

É un dos municipios máis pequenos de Galicia, cunha extensión de 7,6 Km², pero cunha alta densidade de poboación, de aproximadamente 1.700 habitantes, número que pode variar minimamente polas taxas de mortalidade e natalidade, así como polo movemento xeográfico.

A economía está maioritariamente centrada no sector terciario. O desenvolvemento do sector servicios é debido a que a vila de Corcubión ven centralizando tradicionalmente as competencias administrativos da zona: xulgados, notaría, seguridade social... e é cabeza do Partido Xudicial.

Cabe resaltar que en setembro de 2020 púxose en marcha o SAT Costa da Morte, servizo co que a Escola manterá unha estreita relación para a prevención, detección e seguimentos de casos conxuntos.

Con respecto ós servizos que ofrece o contorno ós nenos/as cabe destacar que:

- En datas sinaladas (Magosto, Nadal, Entroido, Día do libro, fin de curso...) realízanse actividades específicas para as crianzas. Estas experiencias son fóra da Escola (saídas) e moitas delas conxuntamente co colexio do pobo (C.E.I.P Praia de Quenxe). Isto resulta moi positivo para pór ás crianzas e ás familias en contacto directo co centro e asegurar a continuidade da etapa. Cando se realizan estas actividades hai unha redución da xornada.
- O coñecemento sobre o medio físico e social implica, ademais dunha determinada representación do mundo, a existencia de sentimentos de pertenza, respecto, interese e valoración de tódolos elementos que o integran, polo que se levan a cabo conxuntamente coa Biblioteca Municipal.

- Para o tratamento da Educación en Valores, que permitan ó alumnado integrarse de forma participativa e activa do seu entorno próximo, abordamos as emocións, hábitos, habilidades sociais e as conmemoracións oficiais (Día internacional contra a violencia de xénero, as Letras Galegas...).
- Nos seos dos grupos ós que pertencen, aprenden a valora-las vantaxes da vida en grupo, así como as limitacións que esta impón. Aprenden tamén a colaborar cos outros, a axudar e pedir axuda, a cumprir as obrigas que desprende o reparto de tarefas na vida cotiá.

Por todo isto, é moi importante fomentar actitudes de participación, de colaboración, de respecto e valoración crítica das normas que rexen a vida en grupo. É necesario pór o acento nas actitudes de coidado, valoración e respecto da contorna, así como dos elementos que a configuran.

1.4. Alumnado:

Neste centro atópanse escolarizados nenos/as de un a tres anos. Debido aos metros cadrados dispoñibles, o número máximo de nenos que poden permanecer xuntos no centro é de 15.

As crianzas agrúpanse nunha soa unidade dada a similitude de idade, aínda que as experiencias e vivencias realizadas adecúanse ás características do grupo e de cada neno/a en particular.

Con respecto ás familias do alumnado, hai que mencionar que a situación laboral, en xeral, é de ocupación de ámbolos dous membros parentais, aínda que nalgúns casos existe unha porcentaxe de nais que se encontran en situación de desemprego ou empregos precarios feminizados.

Considérase que as relacións entre iguais inflúen na socialización dos nenos, destacando:

- Son un campo de adestramento para o aprendizaxe das relacións sociais.
- Inflúen nas características da personalidade.
- Contribúen a crear o sentimento de pertenza ó grupo.

1.5. Espazos:

Arquitectonicamente, a escola está composta por un edificio de planta baixa de uso exclusivo, que consta dun pequeno espazo exterior debidamente protexido e delimitado, no cal se atopa un parque infantil que dispón de estruturas e aparellos axustados á normativa autonómica (que regula a seguridade nos parques infantís).

A superficie total da escola é de, aproximadamente, 115 m², mentres que a parcela abarca, aproximadamente, 527 m².

En relación ós espazos interiores, o centro conta con:

- Aula de usos múltiples (20.3 m²).
- Aula de traballo (20.4 m²).
- Espazo axeitado para a toma de alimentos (16.6 m²).
- Área diferenciada para o descanso e a hixiene (11.4 m²).
- Aseo con dous lavabos e tres inodoros adaptados ás idades das crianzas, unha ducha e un cambiador abatible (9.7 m²).
- Aseo para o persoal, que dispón dun lavabo e dun inodoro (2.1 m²).

O espazo da escola municipal é un espazo reducido mais ben aproveitado e organizado. Tendo en conta que a organización do alumnado concéntrase nunha única unidade, a rotación polo espazo é cómoda e flexible.

A aula de traballo soe ter unha estrutura máis fixa, pero si é preciso pódense facer modificacións na colocación do mobiliario para dar resposta a actividades específicas, como sería o caso de bailes grupais.

Neste espazo atopamos:

- Unha zona dixital, integrada por un ordenador e un encerado dixital interactiva, así como outros periféricos, que permiten un uso óptimo dos recursos.

- Unha zona de materiais de uso común, organizado en estruturas móbiles e apilables para un mellor acceso (pinturas, gomets, pegamento térmico, cinta adhesiva, ceras,...)
- Unha zona de material individual, que pertence a cada alumnado e no que colocamos o seu proxecto editorial, así como as súas ferramentas de uso cotiá e persoal.
- Unha alfombra, que da forma ao recuncho da asemblea e lugar de reunión para moitas actividades de rutina.
- Contamos cunha pequena biblioteca de aula, que permite un primeiro contacto e acercamento á literatura infantil.
- E, por último, tamén dispoñemos de almacenamento para material didáctico adicional, recursos e xoguetes lúdicos e outros materiais para o desenvolvemento das experiencias didácticas; todos eles almacenados nas partes inferiores dos estantes da aula.

A aula de usos múltiples, pola súa parte, ten todo o material gardado, o que permite un uso libre e selectivo do espazo.

Nesta aula contamos con material de uso lúdico, simbólico e motriz. Cada tipo de material ten o seu lugar de almacenamento (baúles e zonas da aula específicas). Esta aula queda libre e o material permanece gardado para aportar flexibilidade e permitir unha maior variación de uso e de actividade.

Ademais, as zonas de alimentación e de aseo están perfectamente separadas, o que permite un uso práctico e diferenciado das mesmas:

- Dispónse dun comedor, un espazo axeitado para a toma de alimentos, que cada neno/a trae da súa casa. Téñense sempre en conta as posibles alerxias e intolerancias, as cales están recollidas na ficha do alumnado.
- Cóntase cunha área diferenciada para o descanso e a hixiene, na que hai un cambiador co material axeitado (guantes de látex e toallíñas para as mestras), uns estantes nos que se atopan as caixas persoais de cada neno/a (cos cueiros, toallíñas, mudas, roupa...) así como unhas camiñas e berces para o descanso das crianzas.

En definitiva, o espazo do que dispoñemos está aproveitado ao máximo para o desenvolvemento dos principios enmarcados neste P.E e na nosa programación de aula.

1.6. Calendario e horario:

• Calendario:

- O Servizo da Escola Infantil Municipal prestarase durante doce meses ao ano, dende o 1 de setembro ata o 31 de agosto, ámbolos dous inclusive, de luns a venres.
- Neste marco de tempo o curso escolar comprenderá un máximo de 11 meses no período indicado, quedando á disposición das familias a elección do período vacacional nunha única quenda mensual ou en dúas quincenas; aspecto que deberá ser concretado no momento da reserva da matrícula.
- O centro permanecerá pechado, segundo calendario laboral, os días festivos nacionais, autonómicos e locais, e os días 24 e 31 de decembro.

• Horario:

- A Escola Infantil Municipal ten un horario continuado de funcionamento de 09:00 a 17:30 horas, respectando o mínimo de apertura (8 horas diarias).
- A permanencia dos e das menores na E.I.M, con carácter xeral, non poder superar as 8 horas diarias dentro da xornada pola se opte, agás cando por circunstancias excepcionais e debidamente xustificadas a/o menor teña que permanecer un tempo superior, que será autorizado pola dirección do Centro.
- O horario ininterrompido será de 10:00 a 12:30 horas e de 15:00 a 16:30 horas.
- O servizo de cociña, e hábitos anteriores e posteriores, e sestras (adaptadas aos tempos das crianzas) será de 13:00 a 14:00 horas. Esta quenda terá en conta as necesidades individuais de cada neno/a.

1.7. Unidades e Prazas autorizadas:

A escola conta cunha unidade de 1 – 3 anos e con 15 prazas para o alumnado.

Unha das prazas sempre está reservada para casos de ingreso urxente, que requiran unha intervención inmediata determinada polos Servizos Sociais, previo informe da Traballadora

Social e/ou Educadora social e seguindo os criterios establecidos pola Axencia Galega de Servizos Sociais.

O número de persoal/alumnado, neste caso concreto, é de dúas mestras/quinze nenos en relación ós metros cadrados e á ratio.

Esta escola promoverá a integración dos nenos/as con NEAE. Nestes casos requirirase o informe previo dos Equipos de Orientación sobre o grao de discapacidade e a súa necesidade de integración. En ningún caso poderá haber máis de un caso por aula e para os efectos de ratio, esta praza contabilizarase coma dúas.

1.8. Persoal do centro:

O persoal dedicado ás funcións educativas e de atención directa ó alumnado é de tres mestras especialistas en Educación Infantil (unha das cales cubre a redución de xornada da directora) e unha Persoa de Apoio, de conformidade ao establecido no **Art. 24 do R.R.I do Centro.**

Considérase que o traballo en grupo é a forma máis idónea de desempeñar as tarefas, xa que non supón a anulación das individualizacións, senón que, ó contrario, supón integrar a diversidade (de personalidades, de formación, de experiencias, de intereses e perspectivas) nunha programación común que harmonice as intencións xerais coas persoais.

As funcións que se levarán a cabo, abarcan as seguintes dimensións:

- **Función de programación educativa:** planificación curricular, a través dunha previsión fundada dos distintos compoñentes curriculares (obxectivos, contidos, metodoloxía, recursos, avaliación, organización espacial e temporal...) e adaptados ás condicións concretas e ás do alumnado.
- **Función de diagnóstico:** destinada a coñecer as características específicas das crianzas coas que se establece unha relación educativa. Trátase de localizar intereses, motivacións, conceptos previos, relacións cos compañeiros, dificultades de aprendizaxe (detectalas e corríxilas), necesidades educativas especiais, absentismo escolar, condicións, clima familiar, etc.

- **Función de intervención educativa:** abarca aspectos como: organizar un ambiente que estimule e oriente a actividade do alumnado, aproveitar momentos óptimos do desenvolvemento do/a neno/a para ensinalle determinados hábitos, suxerir actividades, axudarlles a expresarse, recoller as súas iniciativas e ofrecerlles medios suficientes para que poidan levalas a cabo, organizar un marco no que sexan posibles as interaccións verbais e non verbais, estimulando tódolos tipos diferentes de expresión (corporal, plástica, xestual, musical...), apoiar afectivamente o seu desenvolvemento proporcionándolles seguridade e confianza nas súas posibilidades así como desafialos intelectualmente, axudándolles a expor e resolver problemas por si mesmos.
- **Función titorial:** permite atender a cada alumno/a de forma persoal, escoitalos.... Esta función, leva consigo o contacto directo coas familias, tanto para informarlles como para poñerse de acordo nas actuacións educativas.
- **Función de avaliación:** participar como membros do equipo docente na avaliación da Concreción Curricular, así como da súa propia práctica e do proceso de aprendizaxe do alumnado introducindo as melloras que se consideren necesarias.
- **Función de relación:** relacionarse adecuadamente cos outros membros da comunidade escolar, sobre todo, entre persoal, cos pais, así como co medio social próximo, para levar a cabo una ensinanza realista e contextualizada. Unha parte desta relación social corresponde á administración educativa que, directa ou indirectamente, ten relación cos centros escolares (Inspección, Concello, Centros de Formación Permanente do Profesorado...).
- **Función permanente e innovación:** lévase a cabo en colaboración con organismos externos.

2. SINAIS DE IDENTIDADE

2.1 Valores educativos:

Para desenvolver unha práctica educativa completa será necesario ter en conta unha serie de aprendizaxes transversais imprescindibles para a construción dunha rede de valores estables, que permita ao alumnado converterse en cidadáns que respectan as características esenciais dunha cidadanía democrática.

Neste aspecto, e como xa introducimos no apartado 1.3, este proxecto educativo contempla o tratamento de aspectos como:

- O desenvolvemento sostible, posto en marcha a través de actividades realizadas con material de refugallo.
- O respecto pola igualdade de xénero e trato, mediante a manipulación de recursos literarios e xogos simbólicos que representen estas calidades, así como na xestión de conflitos propios do momento evolutivo da aula e do tratamento respectuoso dentro do propio grupo.
- A non discriminación, promovendo, por exemplo, o xogo colaborativo que respecte as características evolutivas de pensamento.
- A prevención da violencia, ensinando pautas de comportamento adecuados e aceptados socialmente. Este aspecto require a especial colaboración das familias.
- A cultura da paz e os dereitos humanos, afondando dentro do posible na comprensión dos privilexios que temos como cidadáns do primeiro mundo.

O tratamento da educación en valores verase altamente reforzado na celebración de datas conmemorativas como: o Día Internacional contra a Violencia De Xénero (25 de novembro), o Día Internacional das Persoas con Discapacidade (3 de decembro), o Día Escolar da non Violencia e da Paz (30 de xaneiro), Día Internacional da Muller Traballadora (8 de marzo) ou o Día Mundial do Medio Ambiente (5 de xuño), entre outros.

Tamén teremos en conta que os materiais empregados na aula respecten todos estes valores e se lles dean un uso adecuado.

Así mesmo, a vida diaria na aula, os intercambios sociais e os xogos, entre outros aspectos, permitirán sentar a base da socialización e da construción dunha rede de valores imprescindibles para o desenvolvemento futuro de cada un dos nosos alumnos e alumnas. Todo isto, non sería posible sen a participación da familia na vida da escola e da sociedade en xeral.

2.2 Liña pedagóxica:

O centro é aconfesional, pluralista e potenciador de valores éticos, o que conleva a procura dunha formación integral e personalizada.

Segundo a sentenza do 13 de febreiro de 1981 do Tribunal Constitucional B.O.E. 24.02.81: *“En un sistema democrático jurídico baseado en el pluralismo, la libertad ideológica de los individuos y la confesionalidad del Estado, todas las instituciones políticas y, especialmente los centros docentes, tendrán que ser ideológicamente neutrales”*.

Por tanto, este centro maniféstase respectuoso cara tódalas confesións do profesorado e alumnos e renuncia a todo tipo de adoutramento e sectarismo.

Dende o punto de vista psicolóxico, a metodoloxía baséase no cognitivismo. Pártese da concepción construtivista da aprendizaxe que aporta **Piaget**, segundo a cal aprender é construír, de maneira que os/as nenos/as modifican, enriquecen e diversifican os seus esquemas a partir da maduración biolóxica, a estimulación ambiental e mediante o proceso de adaptación-organización.

Tamén se ten en conta a aprendizaxe por descubrimento de **Bruner**, na cal o neno aprende a través de estratexias construídas por el mesmo.

Así mesmo, destacamos a aprendizaxe significativa de **Ausubel**, na que o alumnado pode establecer conexións e relacións que lle permitan integrar o novo co xa coñecido.

Sinalar tamén a importancia que teñen as aportacións de **Vygotsky**, nas que se teñen en conta as distintas zonas de desenvolvemento dos/as nenos/as (potencial, real e próxima) para ir ampliando o ámbito e calidade das aprendizaxes.

Dende o punto de vista pedagóxico, baseamos a metodoloxía nas ideas da **Escola Nova**, tomando como referentes as necesidades do/a neno/a para axustalas a todo o proceso educativo.

Ademais, como docentes, actuamos como eixes motivadores do alumnado, facilitando a súa actividade e “deixando facer”, todo elo dende unha dispoñibilidade permanente e empregando métodos activos.

Os principios psicopedagóxicos nos que se fundamenta a actividade docente son os seguintes:

- **Principio evolutivo:** en tódolos procesos de ensinanza-aprendizaxe (E-A) débese ter en conta o desenvolvemento xeral do/a neno/a e adaptarnos á súa propia evolución (física, mental, lingüística, social, lúdica e moral).
- **Principio de individualización:** hai que axustar o traballo ás capacidades e necesidades individuais de cada neno/a (características diferenciais).
- **Principio de socialización:** hai que responsabilizar ó neno/a ante o grupo social, permitindo que asuma distintos roles.
- **Principio de actividade:** os/as nenos/as aprenden facendo. Poden realizar tarefas de forma individual ou en grupo (sexa este pequeno, mediano ou grande) e a actividade xirará en torno ó xogo.
- **Principio de interese:** hai que basearse nos intereses dos/as nenos/as para desenvolver a labor educativa.
- **Principio de liberdade:** respectamos, na medida do posible, a liberdade dos/as nenos/as, atendendo ós seus intereses e motivacións.
- **Principio de creatividade:** estimulamos o pensamento diverxente mediante a orixinalidade, fluidez e flexibilidade de experiencias na aula.
- **Principio de globalización:** o pensamento do/a neno/a, percibe a realidade como un conxunto indivisible e por elo, comezaremos tratando a realidade coma un todo, para progresivamente, ir fixándose nos diferentes aspectos da realidade. Convirte o pensamento sincrético en analítico.
- **Principio de significatividade:** intentaremos que se produza unha relación significativa entre os coñecementos previos e o novo aprendizaxe, que debe ser asimilada e integrada na súa estrutura cognitiva, atendendo a tres factores: motivacional, psicolóxico e disciplinar.

ALOMLOE establece, como normativo, o principio de non discriminación por razón de sexo. Por isto, potenciarase unha educación na que tódalas persoas sexan formadas á vez, nun

sistema de valores, de comportamentos, normas e expectativas que non estean xerarquizadas por xénero.

Coeducar non consiste en ter unha clase mixta, senón en orientar as experiencias cara unha educación para a igualdade, tendo en conta o emprego dunha linguaxe non discriminatoria, que se concreta nos seguintes aspectos:

- Controlar que o principio de igualdade estea presente en libros, carteis, murais...
- Evitar mensaxes nas que se induza ó alumnado a adaptarse ós estereotipos.
- Repartir equilibradamente responsabilidades e fomentar a participación dos/as nenos/as nas actividades do centro.

2.3 Colaboración coas familias:

Para garantir un proceso de Ensinanza-Aprendizaxe exitoso, é fundamental a colaboración coas familias.

Nun primeiro contacto, xeralmente na entrevista inicial (que ten lugar antes da chegada do/a neno/a ó centro) os pais, as nais ou os/as titores/representantes legais e a directora e os/as mestres/as sentarán as bases da futura relación, coñecéndose e establecendo un clima de confianza mutua indispensable para que a comunicación entre todos/as resulte fluída. Ademais, obtéñense as primeiras referencias das crianzas o que permite cubrir a ficha persoal do alumnado.

Nesta primeira reunión, as familias, a súa vez, coñecerán o centro, o seu espazo físico, os recursos dispoñibles, horario, normas, metodoloxía, dereitos e deberes... Así mesmo, se lles poñerá en coñecemento dos Documentos de Centro, os cales están todos á súa disposición (P.E, R.R.I, libro de reclamacións...). Ademais, tamén se entregará a cada familia unha carpeta con información do centro, período de adaptación e anexos a cubrir.

En posteriores contactos, a través das titorías ou reunións, por exemplo, analizarase a evolución da crianza en tódolos aspectos, comentarase e avaliaranse as novas adquisicións, as dificultades e os progresos...

As familias tamén terán un contacto diario co/a mestre/a de forma diaria, rexistrando na axenda persoal de cada neno/a toda a información relevante da xornada, aspectos que, sendo posible, tamén serán transmitidos oralmente nos momentos de recollida. A asistencia do alumnado quedará reflectida nun rexistro específico da escola.

Ademais, contarase coas familias para a súa participación e colaboración en diferentes saídas (festas, saídas, obradoiros...).

De forma trimestral, entregarase un informe evolutivo das áreas establecidas de acordo coa normativa vixente, que establece o Currículo de E.I. na Comunidade Autónoma de Galicia.

De xeito complementaria, ao longo do curso, transmitirase outro tipo de información a través de diferentes vías: taboleiro de anuncios, carteis, circulares ou folletos. Este tipo de canle permite transmitir mensaxes rapidamente, como por exemplo: próximas reunións, entrevistas, noticias de interese, normas do centro, días non lectivos, festivais, teléfonos e lugares de interese... Estas informacións serán atractivas e de utilidade, e estarán ó alcance dos familiares e redactadas nunha linguaxe sinxela, clara e comprensible.

En definitiva, na relación familia – escola valorarase a importancia da súa participación, tentando acadarse mediante unha práctica activa. Para elo, estableceranse as canles oportunas e previamente citadas, para que as familias e a escola traballen conxuntamente.

Canta máis información teñan as familias do que lles acontece as súas crianzas, máis grande e participativa será a súa implicación na súa educación. Por outro lado, se o centro é receptor do acontecer fóra del, os nenos sentirán así unha continuidade entre a vida familiar e a escola.

2.4 Tratamento lingüístico:

Con respecto ao tratamento das linguas na aula, e tomando como referente a **Lei 3/1983 de Normalización Lingüística** e o **Decreto 79/2010 do 20 de maio** para o plurilingüísimo na ensinanza non universitaria de Galicia, empregarase na aula a lingua materna predominante entre as crianzas, tendo en conta a lingua ambiental e coidando que adquiran progresivamente, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites propios da correspondente etapa educativa.

A nivel administrativo, todos os documentos oficiais da escola entregaranse en galego ou castelán, a demanda das persoas solicitantes.

Ademais, tendo en conta o disposto no Decreto 150/2022, do 8 de setembro do 2022, as ensinanzas mínimas requirirán o 50% dos horarios escolares para as comunidades autónomas que teñan lingua cooficial, como é o caso da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO

Segundo o **Decreto 150/2022, do 8 de setembro**, *polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia*, o primeiro ciclo desta etapa educativa vaise caracterizar, no seu tratamento na escola, fundamentalmente por:

- Potencia a conquista e práctica da autonomía do/a neno/a e a satisfacción das súas necesidades básicas.
- Promover a creación dos primeiros vínculos sociais e á conquista da linguaxe.
- Fomentar unha primeira aproximación á lectura e á escritura, así como a outros linguaxes artísticos (musical, plástico e corporal).
- Facilitar o contacto coas novas tecnoloxías dun xeito responsable e organizado.
- Introducir experiencias de iniciación temperá en habilidades numéricas básicas.

Os fins que pretendemos acadar ó longo do curso son que o alumnado poida:

- Construír unha sensación de individualidade definida pola súa identidade tanto corporal como psicolóxica (un nome, un grupo sexual un rol, autoconcepto, autoestima...) cunha autonomía progresiva con confianza nas súas propias capacidades.
- Expresar e aceptar os seus sentimentos de afecto ós demais e a si mesmo nun clima afectuoso e de confianza.
- Observar e explorar activamente o seu entorno inmediato e os elementos que o configuran e, mediante a intervención do adulto, atribuírle significado.

- Coordinar paulatinamente, dentro da súas posibilidades, o seu comportamento nas propostas de xogo, de rutina, gozando e dando vía ós seus intereses, coñecementos, sentimentos e emocións.
- Coordinar as accións propias coas dos outros compañeiros, descubriendo pouco a pouco que os demais teñen a súa propia identidade, desexos e posesións que deben respectar.
- Comprender as mensaxes orais, aprendendo a regular o seu comportamento en función do seu contido.
- Descubrir os medios de comunicación e representación distintos do oral: expresión corporal, musical, plásticas, matemática...

Para lograr estes fins, o mestre/a, de acordo cas familias, debe intervir facendo participar ó neno/a en actividades relacionadas cos tres ámbitos que configuran a etapa.

A organización desta etapa en tres áreas non implica unha concepción fragmentada da calidade nin unha delimitación das actividades en cada unha delas, senón que contribúen á formación súa imaxe e identidade para que o neno/a entre con confianza e seguridade no seu medio físico e social máis próximo, abordando o coñecemento do entorno o que, en última instancia, axudarlle a acceder a novas formas de linguaxe que lle permitan dotar as súas experiencias de significados progresivamente máis elaborados e complexos.

As capacidades que expoñemos a continuación, responden ós **obxectivos xerais** da Educación Infantil, de acordo co que expón a ordenación curricular recollida no artigo 7º do anterior Decreto:

- Coñecer o seu propio corpo e o das outra persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- Adquirir, progresivamente, autonomía nas súas actividades habituais.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas.

- Relacionarse coas demais persoas e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e na escritura e no movemento, no xesto e no ritmo.
- Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
- Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron aportacións importantes á cultura e á sociedade galega.

● **Outros obxectivos específicos do centro:**

Con respecto ós obxectivos do centro a nivel administrativo, organizativo e institucional, podemos salientar os seguintes:

- Facilitar ás mulleres a incorporación ó mercado laboral.
- Favorecer a conciliación da vida familiar-laboral.
- Facilitar á poboación servizos de desenvolvemento persoal.
- Favorecer ás familias con problemáticas sociais a integración dos nenos no centro educativo.
- Establecer unha comunicación e unha relación activa, continua e respectuosa, con outros servizos en beneficio do alumnado e das súas familias (SAT e Servizos Sociais).

Por outra banda, a normalización lingüística do noso sistema educativo é un obxectivo imprescindible de acordo coa lexislación vixente, expresada fundamentalmente na

Constitución, no Estatuto de Autonomía e na Lei de Normalización Lingüística. Por isto, o noso centro promoverá o uso do galego a través dos seguintes obxectivos:

- Na súa relación con outras institucións.
- Na elaboración de documentos administrativos.
- Nas actuacións administrativas de carácter interno (comunicados, anuncios...).

4. ORGANIZACIÓN ESCOLAR

4.1. Participación e goberno do centro

4.1.1 Comunidade educativa: *Incluíranse, se as houbera, as estruturas (asociacións, AMPAs, etc.) creadas para fomentar a participación da comunidade educativa: (familias, equipo educativo, alumnado).*

A comunidade educativa que envolve á nosa escola está integrada polas familias do noso alumnado, os alumnos e alumnas, o equipo docente, a administración do Concello (encargada de xestionar e organizar o funcionamento xeral da escola), así como outros organismos externos cos que colaboramos en ocasións puntuais, como son o C.E.I.P Praia de Quenxe, a biblioteca local, os Servizos Sociais e o S.A.T.

4.1.2 Entidade titular:

- **Entidade:** Titular: Concello de Corcubión.
- **CIF:** P1502800D.
- **Enderezo:** Praza José Carrera nº 1 – 15130 Corcubión (A Coruña).
- **Representante legal:** Alcalde/alcaldesa Presidente/a do Concello de Corcubión.

4.1.3 Dirección do centro:

A dirección do centro, como representante e principal responsable da escola, deberá asegurarse de coidar e cumprir coas seguintes competencias:

- Exercer a xefatura organizativa do persoal adscrito ao Centro.

- Responsabilizarse da correcta xestión do Centro, así como a xestión e actualización do RUEPSS nos datos relativos ao Centro.
- Supervisar e organizar o traballo da Escola.
- Elaborar a programación xeral anual e a correspondente memoria anual da escola infantil.
- Dinamizar a elaboración do proxecto educativo en colaboración directa co persoal educativo.
- Cumprir e facer cumprir as leis, disposicións vixentes, regulamento de réxime interior e cantas disposicións emanen dos órganos competentes da Consellería e do Concello que lle afecten á Escola Infantil.
- Remitir ao Concello e Consellería cantos informes e datos sexan requiridos relativos ás e aos menores atendidos ou a aspectos organizativos e funcionais do Centro.
- Autorizar actuacións extraordinarias para o normal desenvolvemento do centro.
- Organizar e supervisar o traballo administrativo.
- Convocar e presidir reunións, así como executar os acordos adoptados nelas.
- Prestar atención personalizada ás persoas usuarias tanto a través do desempeño da función educativa como directiva.
- Realizar co equipo educativo a avaliación interna, as colaboracións externas e as diversas actividades xerais do centro: festas, reunións etc.
- Supervisar os diversos servizo do cetro: servizo de cociña, limpeza etc.
- Fomentar a participación das familias.
- Participar en actividades de formación e promover a formación continua do persoal
- Garantir as condicións para que exista un axeitado clima escolar.
- Comunicar ao Concello as incidencias relativas ás necesidades de mantemento da escola ou calquera outra circunstancia que afecte ao ordinario funcionamento da Escola.

4.2. Organización do persoal do centro:

• Equipo educativo:

O equipo educativo do centro está integrado por 2 mestras, unha das cales ocupa o posto de dirección. Todas as integrantes do equipo cumprirán coas seguintes funcións:

- Tratar e chegar a acordos sobre os temas de carácter pedagóxico ou metodolóxico.
- Acordar e levar adiante as propostas educativas.
- Planificar e desenvolver actividades de aula como as diferentes festas e celebracións que se realicen, talleres, actividades complementarias, etc.
- Participar no plan de formación do persoal
- Establecer vínculos afectivos co seu alumnado, sendo figura de referencia emocional para nenos e nenas.
- Fomentar a autonomía persoal do alumnado.
- Coñecer as características persoais de cada alumno/a do seu grupo e recollelas no seu expediente persoal, así como un seguimento global da súa evolución e adaptación ao centro.
- Colaborar coa dirección na elaboración e actualización do Proxecto educativo do Centro.
- Levar acabo a planificación do traballo diario. Organizar as actividades, recursos, materiais e metodoloxía.
- Proporcionar ás familias información documental sobre o calendario escolar, horarios, actividades e programa s escolares, mantendo unha relación formal, así como transmitirles información periódica e fomentar a súa participación nas actividades que se organicen.
- Prestar atención e apoio especialmente no período de adaptación.

- Avaliar o funcionamento e a organización da escola e propor iniciativa para a mellora do seu funcionamento ante a dirección desta.
- Efectuar o seguimento do proceso de ensinanza/aprendizaxe e prestar atención a posibles sinais de risco ou dificultades, co fin de dar unha resposta educativa axeitada, solicitando asesoramento se procedese.
- A mestra/e exercerán as funcións adscritas á dirección e representación do Centro cando por razóns de baixa IT, excedencias, reducións de xornada ou calquera outra circunstancia, se produza unha ausencia temporal da persoa que ocupa a praza de directora/or.

● **Persoal de apoio:**

O persoal de apoio encargarse en momentos puntuais do coidado da orde, seguridade, entretemento, alimentación, aseo e atención persoal dos nenos e nenas, colaborando co persoal docente baixo a supervisión da dirección.

As súas competencias implican:

- Atender as necesidades do alumnado da aula realizando o apoio nese momento.
- Calquera outra función que se lle sexa encomendada pola dirección do centro ou titor, no ámbito das súas competencias.
- Atender as entradas e saídas dos/as menores da escola no seu conxunto.
- Dar almorzos, comidas e merendas aos/ás menores, sempre que estean dentro da súa xornada laboral.
- Interludio inicial coas familias usuarias ben sexa vía telefónica ou presencial.

4.3. Reunións do equipo educativo e por niveis:

O equipo educativo da escola reunirase, polo menos:

- Unha vez a comezo de curso, para organizar a documentación do centro e as propostas educativas do curso. Nesta reunión tamén se fará unha valoración do desenvolvemento inicial do período de adaptación.

- Unha vez por trimestre, para comprobar e contrastar o desenvolvemento do proceso de ensino – aprendizaxe do alumnado, así como as condicións nas que se desenvolve, incluído a propia práctica educativa e a metodoloxía empregada.
- Unha vez a fin de curso: para facer un balance da experiencia educativa de cada curso e comprobar a consecución dos obxectivos.

Ademais, o equipo reunirase de forma extraordinaria cada vez que se considere necesario.

De tódalas reunións levantarase unha acta que deixe constancia dos asuntos tratados, firmadas por todos os membros presentes.

4.4. Servizos que oferta:

- **Servizo de cociña:**

A escola conta con servizo de cociña, entendido, en base ao *artigo 26 do Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia*, como unha prestación consistente na achega dos medios persoais e materiais precisos para a adecuada distribución e consumo dos alimentos que traen os/as propios/as usuarios/as.

Este servizo préstase entre as 13:00 e as 14:00, de luns a venres.

Para poder facer uso deste servizo, tal e como indicamos no *Regulamento Das Normas De Organización, Funcionamento E Convivencia Da Escola Infantil Municipal Do Concello De Corcubión (E.I.M.)*, as familias asinarán autorización para proporcionar os alimentos que se achegan cada día á escola para alimentar aos seus fillos/as co compromiso a levar os alimentos segundo as medidas hixiénicas establecidas, isto é: envasados en recipientes axeitados e correctamente identificados coa data de consumo, nome e apelidos do menor e transportados en recipientes isotérmicos que manteñan a temperatura axeitada e con indicación de se precisan ou non refrixeración.

- **Actividades complementarias:**

A escola traballa de xeito transversal ao currículo educativo, programando saídas didácticas ao longo do curso, tendo en conta a oferta dispoñible, as condicións climáticas, o

desenvolvemento do proxecto de aula, a colaboración coas familias e as características psicoevolutivas do grupo.

5. PROPOSTA PEDAGÓXICA

5.1 Obxectivos.

Os oficiais que reflicte o Decreto. Adaptar e adecuar eses obxectivos ao Proxecto

A continuación preséntanse os obxectivos de aprendizaxe elaborados para o centro, realizados tendo en conta a relación entre os diferentes niveis de concreción curricular (obxectivos xerais > obxectivos de área).

• Área de Comunicación e Representación da Realidade

- Potenciar a discriminación auditiva mediante a identificación de ruídos e sons do propio corpo e do entorno.
- Empregar o vocabulario correcto para a denominación de persoas, animais, obxectos e as súas características.
- Adecuar o ton de voz ao contexto comunicativo, aprendendo a respectar as quendas de fala e escoita.
- Valorar, comprender e xestionar o uso do son e do silencio en situacións comunicativas.
- Facer uso de fórmulas de cortesía (saúdos, despedidas, agradecementos...) como medio de inmersión na vida social e para avanzar na comunicación activa con outras persoas.
- Interpretar os xestos e a entoación doutras persoas para comprender as intencións comunicativas.
- Relacionar descrições e explicacións con experiencias vividas anteriormente para construír aprendizaxes significativos.
- escoitar atentamente reproducións de obras musicais, prestando atención ao ritmo, ás voces, á altura...
- Enriquecer progresivamente a estrutura da frase para progresar no seu desenvolvemento comunicativo.

- Participar nos diálogos dirixidos pola mestra, respectando as quendas de escoita e fala para fomentar a capacidade comunicativa en situacións sociais.
- Descubrir diferentes posibilidades de improvisar ou combinar sons ou palabras para divertirse coa lingua.
- Descubrir a relación entre o xesto e o trazo, explorando a superficie de debuxo, deixando pegadas e grafismos en diferentes soportes (papel continuo, cartolinas...).
- Experimentar co xesto gráfico en diferentes posicións: vertical e horizontal, a través de labirintos sinxelos, propostas de asociación de conceptos, elaboración de camiños...
- Avanzar no control da coordinación óculo – manual, pasando do garabato incontrolado ao inicio das formas controladas.
- Expresarse con espontaneidade a través de garabatos e manchas.
- Practicar a coordinación manual mediante a manipulación de materiais a través de técnicas como: o rachado, o amasado, o engurrado, o ensartado...
- Iniciarse na técnica do collage a través da composición e pegado de diferentes tipos de papeis.
- Explorar o uso e efecto de diferentes materiais do xiz, do lapis, das ceras brandas, de pintura de dedos...
- Iniciarse no uso libre de ferramentas como o pincel, a esponxa...
- Experimentar coa ductilidade e textura, resistencia e dureza de diferentes materiais (pastas maleables, madeiras, cartón...).
- Descubrir o uso de materiais e obxectos cotiás e de reciclaxe para a produción plástica e artística.
- Manipular a pintura de forma espontánea, como medio de estimulación creativa de descarga motriz e emocional.
- Respectar e valorar as producións propias e alleas, sentando as bases dun proceso socializador correcto.
- Observar signos e símbolos presentes na vida cotiá a través da manipulación de materiais audiovisuais e do contacto directo co entorno, así como mostrar interese activo e manifesto (a través de emocións, xestos e actividade individual) no seu significado.

- Interesarse por tipos de textos diversos mediante a escoita de audicións (poemas, cancións, retahílas...) e a narración e dramatización de contos (lectura con soporte visual, teatrillo...).
- Diferenciar formas escritas mediante o garabato e o uso de actividades rutinarias (como o calendario).
- Gozar a aproximación á lectura, mediante a manipulación de contos e a escoita atenta en actividades de narración e dramatización.
- Amosar interese por comunicar interpretacións, emocións e opinións provocadas polas producións literarias.
- Recoñecer os elementos básicos dos relatos escoitados ou visualizados aproveitándose da secuenciación temporal de escenas, a discriminación visual de elementos da historia, fortalecemento da memoria...
- Valorar e respectar a diversidade lingüística propia da zona, facendo un uso indistinto das linguas cooficiais: galego e castelán.
- Animar a producir mensaxes en diferentes linguas en actividades de intercambio oral e grupal (como as rutinas da aula ou a lectura de contos).
- Identificar diferentes xeitos de representación dramática.
- Gozar na observación e participación de actividades dramáticas, inspiradas en propostas literarias e en accións da vida cotiá.
- Aproveitar a cultura galega como forma de crecemento persoal e construción dunha rede individual de valores persoais: interculturalidade, tolerancia...
- Amosar interese na lectura de contos populares, escoitando atentamente, recoñecendo aos personaxes das historias, así como outros elementos chamativos.
- Desfrutar de experiencias musicais en diferido, utilizando soportes auditivos e visuais.

Área de Crecemento en Harmonía

- Identificar o propio corpo mediante actividades de movemento, musicais, artísticas... para formar unha imaxe positiva e descubrindo a súas posibilidades e límites de acción.

- Sinalizar a localización das principais partes do corpo neles mesmos e a través de imaxes e outros recursos gráficos para contribuír á elaboración do esquema corporal.
- Nomear as partes máis coñecidas do propio corpo para afondar no coñecemento do seu esquema corporal a través da linguaxe oral.
- Identificar a propia imaxe reflectida, reproducida ou ambas para avanzar na valoración e respecto da mesma e da dos demais.
- Iniciarse na comprensión de nocións espaciais tomando como referencia o propio corpo en situacións cotiás e en obxectos de uso habitual para comprender a relación acción – localización.
- Coordinar movementos dos brazos e das pernas de xeito alterno para consolidar a marcha e gañar equilibrio e axilidade.
- Desprazarse de formas diversas e sobre superficies diferentes empregando diferentes partes do corpo para avanzar no control do mesmo.
- Coordinar ambas mans en accións como encaixar, rachar, engurrar, modelar, ensartar, enroscar, amontoar... para avanzar na conquista da coordinación óculo – manual.
- Gozar das actividades propostas expresando o seu parecer de forma oral ou xestual para reforzar a súa autoestima e habilidades intrapersoais.
- Localizar a procedencia de estímulos procedentes do medio externo, traballando e afondando no coñecemento e uso do sistema sensorial (vista, tacto, olfacto, gusto e oído).
- Expresar os seus sentimentos, dúbidas, medos... como forma de regulación emocional para coñecerse a si mesmo e as reaccións dos outros, valorándoas e respectándoas.
- Adoptar unha actitude activa e positiva ante as dificultades como medio para traballar a frustración e a autorregulación.
- Manifestar as propias necesidades: apetito, sede, pis, caca, mocos... de forma oral ou xestual para coidar a súa hixiene e saúde.

- Tomar a iniciativa ante as propias necesidades (fame, sono, sede, mocos, pis, caca, mans sucias, mocos...) ou pedir axuda á persoa adulta cando o precise para progresar na adquisición da súa autonomía persoal.
- Comprender a importancia da axuda, así como iniciarse na súa solicitude e préstamo en actividades cotiás.
- Tomar conciencia de riscos cotiás, tomando precaucións para non facerse dano e contribuír ao mantemento da súa saúde.
- Participar na limpeza e recollida de materiais empregados en experiencias educativas de aprendizaxe e lúdicas.
- Adquirir iniciativa en actividades ou xogos e facer partícipes a outras persoas para establecer vínculos de afecto co grupo de iguais e valorar positivamente a colaboración con outras persoas.
- Iniciarse na práctica de condutas baseadas no respecto, na empatía e na igualdade de xénero na vida da aula.

Área de Descubrimiento e Exploración da Contorna

- Identificar as calidades perceptibles dos obxectos, seres e fenómenos a través da manipulación sensorial para desenvolver aprendizaxes significativos.
- Observar as características constantes dun obxecto, fenómeno ou situación para comprender o paso do tempo.
- Iniciarse no uso de cuantificadores e medidas, relacionándoos en situacións cotiás para adquirir as primeiras ferramentas de pensamento lóxico.
- Manipular obxectos e materiais para provocar modificacións na súa estrutura e observar os cambios que neles se producen, construíndo aprendizaxes significativos.
- Identificar os cambios que sufriron os obxectos e as persoas mediante a visualización de materiais gráficos, para iniciarse na comprensión dos efectos das transformacións e o paso do tempo.
- Comprobar os diversos efectos que produce unha mesma acción sobre materiais, obxectos e persoas para establecer similitudes entre eles.

- Identificar elementos, seres e fenómenos no marco natural inmediato a través da observación (directa e con outros apoios visuais), da manipulación e da experimentación na aula para avanzar no coñecemento do entorno próximo.
- Descubrir animais de diferentes ámbitos a través de propostas de xogo, de manipulación e exploración, así como experiencias lóxicas que permitan avanzar no coñecemento do fauna do contorno e doutras zonas.
- Iniciarse no coñecemento do mundo das plantas a través da súa observación e coidado como forma de iniciarse no coidado do medio.
- Observar as calidades dos seres vivos (plantas e animais) mediante recursos audiovisuais (cancións, vídeos de imaxes, curtametraxes...) para afondar no coñecemento do medio natural.
- Participar no coidado do medio a través de experiencias de reciclaxe, coidado de pequenos seres vivos, situacións sociais... para desenvolverse como nenos e nenas respectuosos e participar na sociedade como persoas responsables e conscientes.
- Identificar e amosar interese polas persoas do marco social habitual: familiares, veciños/as, compañeiros/as, profesores/as a través de encontros cotiás, xogos, saídas... como medio de inicio nos grupos sociais correspondentes.
- Diferenciar as partes máis habituais da casa, da escola e do pobo, así como a súa funcionalidade mediante a vivencia das rutinas e a organización da actividade para contribuír ao desenvolvemento da intelixencia viso – espacial do alumnado, así como ao coñecemento de espazos típicos do ambiente infantil e ao comportamento seguro nos mesmos.
- Recoñecer personaxes, seres coñecidos e outros elementos en imaxes e outros recursos audiovisuais como medio de afondamento no coñecemento do medio social próximo e lonxano.
- Participar en actividades coñecidas e propias do entorno familiar e escolar para progresar no desenvolvemento social individual e colectivo.
- Aproximarse ao coñecemento de figuras representativas das manifestacións culturais mediante a manipulación de recursos da aula e a participación en experiencias culturais.

- Identificar e reproducir manifestacións orais do folclore na aula, así como aprender algunhas cancións e poesías infantís, desenvolvendo actitudes de respecto e apreciación polas mesmas.
- Coidar os elementos do medio social que teñen ao seu alcance para desenvolverse como nenos e nenas respectuosos e participar na sociedade como persoas responsables e conscientes.
- Iniciarse no coñecemento, comprensión, aceptación e seguimento de normas para crecer como persoas responsables, respectuosas, seguras...

5.2 Contidos.

As capacidades que se recollen nos obxectivos – xerais, de área e de aprendizaxe – requiren dun conxunto de saberes (conceptuais, procedimentais e actitudinais) para poder ser postas en práctica. A continuación, recóllese unha relación de contidos que permiten o traballo dos obxectivos previamente planificados.

Área de Comunicación e Representación da Realidade

- Discriminación auditiva: os sons do corpo e do entorno.
- Aplicación oral de vocabulario: o nome propio, o nome dos compañeiros, animais, obxectos cotiás... e as súas características.
- Práctica e respecto das quendas de fala.
- Control e exploración do ton da propia voz, axustando a intensidade a diferentes experiencias (intercambio oral en gran grupo, xogo libre...).
- Valoración da importancia dun entorno auditivo agradable, xestionando a propia actividade oral.
- Iniciación do uso de fórmulas de cortesía e outros rexistros sociais como medio de inmersión en situacións sociais.
- Iniciación na interpretación de xestos, expresións e intencións de outras persoas en situacións comunicativas.
- Asociación e comprensión de explicacións, axustando a actividade individual á solicitude.

- Audición de obras musicais como medio de iniciación e discriminación no mundo das calidades musicais (ritmo, altura, timbre...).
- Producción de frases cada vez máis complexas, empregando construcións cada vez máis elaboradas (nomes, artigos, adxectivos, verbos...).
- Participación en experiencias de intercambio oral.
- Iniciación no respecto de quendas de fala.
- Valoración da intervención oral dos compañeiros.
- Combinación de sons e palabras mediante o uso de cancións.
- Práctica do trazo (libre e dirixido) en diferentes superficies e mediante técnicas variadas (pintado, debuxado, goteado...).
- Iniciarse na direccionalidade do trazo como forma de aproximación á escritura.
- Práctica de trazos horizontais, verticais e diagonais en actividades de asociación lineais, labirintos sinxelos...
- Iniciarse na expresión artística mediante diferentes técnicas plásticas: o garabateo, o coloreado, o pegado, o rachado, o amasado, o engurrado, o collage...
- Valoración e goce do uso de diferentes materiais artísticos: xiz, cores, pintura de dedos, así como ferramentas: pincel, esponxas...
- Descubrimento das propiedades de materiais artístico: ductilidade, textura, resistencia...
- Aproveitamento de materiais de refugallo no desenvolvemento de actividades plásticas.
- Uso da pintura como forma de expresión espontánea e de satisfacción kinestésica.
- Expresión de actitudes respectuosas ante as elaboracións e producións artísticas dos/as compañeiros/as.
- Observacións de signos e símbolos propios da vida cotiá en experiencias directas na aula, así como en recursos gráficos e audiovisuais.
- Exploración de diferentes tipos de texto e audicións como forma de aproximación a diferentes rexistros (oral, escrito e dramático).
- Uso de poemas, cancións e retahílas como forma de estimulación da memoria e da expresión oral.

- Práctica da dramatización de contos e dos seus personaxes como forma de estimulación dos recursos comunicativos individuais (orais e xestuais).
- Expresión de emocións e opinións trala lectura de contos ou visualización de dramatizacións.
- Identificación de formas escritas propias e en formatos físicos da aula.
- Iniciación a lectura e promoción do gusto pola mesma nos seus diferentes formatos.
- Aproveitamento dos contos, das súas escenas e das imaxes como forma de estimulación da secuenciación temporal, da discriminación visual e doutras capacidades cognitivas básicas.
- Descubrimento, valoración e respecto da diversidade lingüística da contorna.
- Práctica e uso do castelán e o galego na aula, como forma de aproximación ao plurilingüísimo.
- Producción de mensaxes, solicitudes e intercambios con outros nenos en diferentes linguas.
- Utilización dos contos de aula como fonte de representación dramática: escenificación, xestualización e imitación.
- Construción dunha rede de valores individuais e respectuosos coa cultura do contexto, próximo e lonxano.
- Lectura de contos populares e identificación dos seus personaxes, fomentando a relación coa propia cultura.

Área de Crecemento en Harmonía

- Construción do esquema corporal mediante xogos motrices, cancións, danzas e outras elaboracións artísticas.
- Identificación das diferentes partes do esquema corporal, diferenciando entre partes individuais e dobres.
- Nomeamento e sinalización das diferentes partes do corpo.
- Identificación da propia imaxe persoal.
- Recoñecemento visual dos compañeiros e compañeiras da aula, así como das mestras.

- Iniciación na localización espacial, tomando como referencia o propio corpo: diante, a un lado/ a outro lado, detrás...
- Iniciación na localización espacial, tomando como referencia obxectos da aula: enriba/debaixo, dentro/fóra...
- Combinación de movementos dinámicos do corpo (brazos e pernas).
- Estimulación e mellora da marcha e outras habilidades motrices sinxelas: gateo, salto, subida e baixada.
- Práctica da coordinación óculo manual empregando actividades motrices finas: encaixe, engurrado, modelado, ensartado, amontoado...
- Uso dos xestos faciais como forma de comunicación e expresión dos propios sentimentos.
- Identificación dos sentimentos, positivos e negativos, nun mesmo/a e nos compañeiros/as.
- Construción dunha autoestima positiva a través de conquistas e avances en actividades de rutina e propostas máis complexas.
- Localización de estímulos externos: o uso da vista, do tacto, do olfacto, do gusto e do oído.
- Aproveitamento e descubrimento do sistema sensorial en actividades de manipulación, cata, hixiene, alimentación, xogo...
- Expresión de sentimentos, medo e dúbidas como xeito de regulación emocional.
- Valoración dos sentimentos e emocións alleos.
- Regulación emocional e xestión da frustración en actividades cotiás e de intercambio social: identificación de emocións e resolución de problemas sinxelos.
- Manifestación oral e xestual de necesidades básicas.
- Solicitude de axuda en actividades individuais.
- Identificación de riscos cotiás.
- Axuste da propia actividade para evitar riscos innecesarios.
- Participación na recollida da aula e no coidado dos materiais.
- Iniciación nos xogos colaborativos e grupais, amosando desfrute e interese na participación dos compañeiros/as.

- Interese e disposición no establecemento de relacións respectuosas, afectivas e non estereotipadas coas demais persoas.

Área de Descubrimento e Exploración do Entorno

- Exploración de calidades perceptibles dos obxectos: formas, cores, tamaños...
- Identificación de diferentes seres: as persoas e o corpo humano, os animais e as súas características...
- Observación de fenómenos naturais: as nubes, a choiva, o sol...
- Iniciación no uso de cuantificadores: moito/pouco, un/dous/tres... no uso, identificación e manipulación de coleccións.
- Observación do paso do tempo mediante a manipulación de obxectos e observación de recursos audiovisuais: o crecemento propio, o transcurso das tormentas...
- Manipulación e modificación estrutural de obxectos (construcións, xogos ensartables...), combinando as súas formas, colocándoas de forma lóxica (quebracabezas...)
- Identificación de elementos da contorna: urbanos e naturais.
- Exploración do medio natural e identificación dos seus elementos: seres vivos e outros elementos naturais.
- Descubrimento do mundo animal: doméstico e salvaxe.
- Clasificación de animais: ecosistema, tamaño...
- O coidado das plantas: características e necesidades.
- Introducción ao coidado do medio: a reciclaxe, o coidado animal e o comportamento cívico.
- Identificación de coñecemento de diferentes grupos sociais: a familia, os iguais e os veciños.
- Diferenciación dos espazos habituais: as partes da casa, a distribución da escola...
- Localización espacial de espazos e persoas.
- Recoñecemento de persoas, espazos, seres vivos e elementos naturais.
- Discriminación visual de elementos e eventos culturais propios da cultura galega.
- Participación en eventos e experiencias culturais propios de Galicia: o magosto, o Samaín, o apalpador, o entroido...

- Desfrute de manifestacións culturais galegas: cantigas, refráns, poemas, contos...
- Comprensión e práctica de normas sociais que fomentan o coidado do medio.

5.3. Áreas

O presente currículo para a etapa atópase organizado en tres áreas de coñecemento, cada unha das cales inclúe unha introdución dos aspectos a traballar, uns obxectivos a conquistar (previamente expostos no apartado anterior), un conxunto de contidos para desenvolver as capacidades propostas nos obxectivos e unha serie de criterios de avaliación que permitan contrastar a evolución da aprendizaxe do alumnado na aula.

Dende a área de **Comunicación e representación da realidade** buscaremos contribuír á comunicación e interpretación da realidade a través de diferentes linguaxes e formas de expresión (artístico, musical, plástico, corporal, dixital, literario...).

Mediante a área de **Crecemento en Harmonía**, afondaremos nos ritmos e estilos de maduración individuais, adaptando os procesos de ensino – aprendizaxe ás *características* persoais, necesidades, intereses e estilo cognitivo de cada nena/o. Así mesmo, atenderemos e contribuiremos ao desenvolvemento psicomotor, á adquisición paulatina do control de si mesmo e ao proceso gradual de construción da propia identidade, descubrimento das súas posibilidades motrices e das interaccións consigo mesmo, coa contorna e cos demais.

A través do traballo da área **Descubrimento e exploración da contorna**, faremos referencia ao descubrimento, exploración e comprensión da configuración da realidade infantil, incorporando e considerando as múltiples relacións e factores da contorna. Deste xeito, favoreceremos o proceso de descubrimento, comprensión, observación e exploración dos elementos físicos, naturais e sociais da contorna.

5.4 Aproximación e contribución ás Competencias Clave:

A LOMLOE e o **Decreto 150/2022 (Anexo I)** establecen **8 competencias clave** que o alumnado debe desenvolver e acadar ó longo do ensino básico polo que se terán presentes ó longo do curso.

As competencias non constitúen un elemento prescriptivo para a etapa infantil, pero é recomendable iniciar o contacto coas mesmas para sentar as bases do seu desenvolvemento en etapas posteriores.

Dende a escola buscaremos:

- Aproximar aos nenos/as a diferentes tipos de intercambios comunicativos, á expresión oral, á cultura literaria e a aprender utilizar a lingua como unha ferramenta de regulación da conducta, desenvolvendo así a **Competencia en Comunicación Lingüística (CCL)**.
- Tamén xeraremos, de forma cotiá, unha educación que permita ao alumnado utilizar, de forma indistinta e dentro dos límites da etapa, as dúas linguas da nosa comunidade, así como respectar a diversidade lingüística e cultural. Deste xeito non so promoveremos o enriquecemento do repertorio lingüístico, senón que tamén poremos en marcha a **Competencia Plurilingüe (CP)**.
- Para traballar o pensamento lóxico e, por ende, a **Competencia Matemática e Competencia en Ciencia, Tecnoloxía e Enxeñaría (STEM)**, poremos en marchas propostas que permitan clasificar, construír, comprobar...
- O contacto coas novas tecnoloxías permitirá iniciar nesta etapa a **Competencia Dixital (CD)** e por tanto familiarizar aos pequenos/as cun uso saudable das ferramentas dixitais, á vez que se lles da a oportunidade de acceder a distinto tipo de contidos.
- Navegar no mundo das emocións, aprender en diferentes contextos, aplicar recursos autonomamente e cooperar na resolución de conflitos, permitirá aos nosos nenos e nenas sentar as bases da futura **Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA)**.
- Por outra banda, como individuos da sociedade deberán crecer nun mundo que respecte os valores democráticos, de xeito que elaboren o seu propio sistema de crenzas que, entre outros aspectos, lles permitan coidar do medio, coidar do seu corpo e resolver posibles conflitos, sentando así unha boa base para o desenvolvemento da **Competencia Cidadá (CC)**.
- Para contribuír a formación de individuos emprendedores e creativos será preciso ofrecer ferramentas estimulantes do pensamento estratéxico e creativo, así como

permitirse poñer en marcha as súas ideas. Se ben é complicado contribuír á **Competencia Emprendedora (CE)** nesta etapa dadas as características do pensamento infantil nos primeiros anos de vida, contribuiremos á mesma mediante a promoción da autonomía, o ensaio – erro de tarefas e a estimulación da creatividade no noso grupo de alumnos.

- Para rematar, é preciso facer referencia á **Competencia en Conciencia e Expresión Cultural (CCEC)**. Para contribuír ao desenvolvemento desta competencia poñemos aos nenos en contacto con diferentes formas de manifestación artística que permitan a expresión de emocións, a valoración de manifestación culturais próximas e a construción da súa identidade.

5.5. Principios pedagóxicos:

Ao longo da estancia na escola os nenos e nenas recibirán unha atención educativa que contribuirá ao desenvolvemento harmónico e igualitario das diferentes áreas do desenvolvemento.

A primeira forma de contacto e relación co mundo que unha persoa ten é o corpo, por iso mediante as experiencias educativas procuraremos estimular o **coñecemento do corpo** e os **hábitos de control corporal**. Conforme os pequenos/as crecen a seguinte ferramenta para interactuar no seu medio é a linguaxe oral. A través de propostas orais, verbais, auditivas, corporais e artísticas, poñemos á disposición do alumnado diferentes estratexias que lle permitan acceder ás **manifestacións da comunicación e da linguaxe**.

Por suposto, tamén será fundamental afondar no **coñecemento do seu entorno**, descubrir que non só eles ocupan o espazo e que existen un conxunto de **seres vivos** que ocupan un **medio, natural e social** con características propias moi apropiadas para a estimulación integral das capacidades infantís.

Toda experiencia de ensinanza – aprendizaxe desenvolverase utilizando unha **linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas y que sexa non sexista**. Así mesmo, prestaremos especial atención ao **principio de igualdade**, poñendo o foco na **eliminación dos contidos sexistas e estereotipos** e coidando a selección e uso dos materiais educativos.

Nestas etapa será fundamental axudar ao alumnado a progresar na **conquista da súa autonomía** persoal pois este fito conseguirá non só axudarlles a **construír unha autoimaxe** positiva, equilibrada, igualitaria e libre de estereotipos, senón que tamén reflectirá na súa autoestima e no seu autoconcepto.

O momento evolutivo ao que atendemos coincide coa identificación dun mesmo/a e a diferenciación dos demais. Neste proceso de construción da identidade, non so guiaremos ao alumnado na construción dunha percepción individual saudable senón tamén nunha percepción positiva e respectuosa dos demais. Isto incluírá tratar o axente socializador máis importante para os nosos pequenos/as: a súa familia e a diversidade estrutural que nela podemos atopar. Ademais, será fundamental iniciarse no coñecemento de pautas de convivencia básica que permitan sentar as bases do proceso socializador, así como descubrir pautas de comportamento adecuadas e non adecuadas.

O coñecemento dun mesmo fai necesario abordar o **desenvolvemento afectivo** e a **xestión emocional**. Neste sentido, os tres primeiros anos de vida fan moi difícil esta labor. Por unha parte a expresión oral non sempre é suficiente para transmitir as frustracións e, por outra parte, ás veces aínda non se coñecen nin os conceptos nin os efectos que provocan. Como mestras, acompañaremos aos nenos na regulación e xestión dos seus sentimentos e emocións, dándolle ferramentas para controlalas e expresalas en diferentes situacións.

Para contribuír á formación de individuos responsables e que exercen unha cidadanía respectuosa dos valores democráticos será fundamental ter en conta aspectos educativos como: a **educación para a saúde**, a adquisición de **hábitos saudables**, **consumo responsable** e **sostible**.

Tamén teremos en conta **outros aspectos de carácter transversal** como a educación vial, a educación para a paz ou a educación ambiental, respectando así os requirimentos curriculares relativos aos elementos transversais.

5.6. Atención á diversidade:

A diversidade dun centro contempla diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe, motivacións e intereses, características e necesidades, así como situacións sociais e culturais.

Para dar unha resposta axustada ao conxunto do alumnado seguiranse os principios marcados no **Decreto 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da CC.AA de Galicia nos que se imparten ensinanzas reguladas na LOE:

- Normalización e inclusión.
- Equidade.
- Igualdade de oportunidades e non discriminación.
- Flexibilidade e accesibilidade.
- Interculturalidade e promoción da convivencia.
- Autonomía de centro.
- Participación de toda a comunidade educativa.

Dentro da diversidade será necesario prestar atención a posibles casos de Necesidade Específica de Apoio Educativo, poñendo en marcha as actuacións, estratexias e programas que permitan dar unha resposta educativa axeita ás necesidades, priorizando sempre unha intervención ordinaria que permita a conquista de obxectivos e contidos. Por exemplo, apoiarémonos na adecuación de horarios, na organización do centro (horarios, agrupamentos...), na adaptación de tempos e instrumentos de avaliación, no desdoblamento de grupos ou na posta en marcha de metodoloxías de traballo colaborativo, entre outras moitas.

Para dar unha resposta multiprofesional e completa contaremos, nos casos nos que sexa necesario, coa colaboración e apoio do Servizo de Atención Temperá.

5.7. Período de adaptación:

O período de adaptación é un espazo temporal que os nenos e nenas precisan para adaptarse aos cambios que se producen na súa vida e entorno, como consecuencia da

incorporación ao centro escolar. Supón un tránsito do coñecido ao descoñecido, o que require dun tempo para facerse ao espazo, ás figuras adultas, aos compañeiros e á rutina.

A adaptación é moi necesaria para os tres axentes implicados: alumnado, familias e profesorado.

A primeira toma de contacto que teñen as familias con este proceso é a explicación que reciben na reunión antes de comezar o curso (celebrada no mes de xullo). Nese momento remíteselle un dossier de carácter informativo sobre o proceso, así como se lles explican os aspectos máis destacables do mesmo (a necesidade de respectar os tempos marcados polas mestras, as posibles manifestacións no alumnado, a organización...).

Este tempo é moi importante, porque constitúe o punto de partida do proceso de ensino – aprendizaxe e durante o mesmo podemos descubrir en que momento evolutivo se atopa o novo grupo de alumnos.

Como levamos a cabo o período de adaptación na nosa escola?

- Comezamos o período de adaptación en pequenos ciclos de 30 minutos, que irán aumentando na medida en que os/as nenos/as comezan a sentirse cómodos/as no espazo.
- Os/as pais/nais deben respectar os ciclos de tempo suxeridos polas mestras, porque son as observadoras directas da vivencia do/a neno/a dentro da escola, así como do seu comportamento.
- Os/as pais/nais non poden permanecer dentro do edificio, salvo en ocasións especiais nas que as mestras os poidan invitar. Isto débese a que outros/as nenos/as poden sentirse incómodos/as e a adaptación non sería exitosa.
- O período de adaptación ten que realizarse nos mesmos horarios, para xerar unha estabilidade para o/a neno/a que lle permita adquirir un patrón de anticipación que lle axude a sentirse seguro e cómodo.
- Neste período as esixencias para os/as nenos/as son mínimas. As normas son introducidas lentamente e as mestras levan a cabo propostas de actividade lúdicas e relaxantes.

5.8. Os espazos:

A escola está organizada en 4 grandes zonas útiles para o desenvolvemento do proceso de ensinanza – aprendizaxe:

- Aula de traballo.
- Aula de usos múltiples.
- Zona de aseos.
- Cambiador e sala de descanso.
- Comedor.

A aula de traballo:

- É un espazo no que levamos a cabo a realización de diferentes experiencias asociadas ós centros de interese traballados, de grafomotricidade e as relacionadas con aspectos lóxico-matemáticos, como os obxectos e as súas propiedades, clasificación, discriminación, seriación, ordenación... Tamén fan quebracabezas, encaixables e experiencias plásticas como, por exemplo, pintura de dedos, debuxo con ceras, pegado de papeis, collage...
- Todas estas actividades podémolas desenvolver en gran grupo, grupo colaborativo ou individualmente. Este aspecto depende dos requisitos da proposta e tamén das necesidades do alumnado.
- Nesta aula, existe o recuncho da alfombra, onde se realiza diariamente a escoita activa dun conto (narrado polas mestras), a asemblea de diferentes temas de interese, o calendario (co día, mes, estación e tempo meteorolóxico), a asistencia á escola (ca nosa mascota o Oso Xan), así como audición de pezas musicais, experiencias pre-lingüísticas (a través da realización de praxias bucofaciais de lingua, beizos e boca), experiencias lingüísticas como poesías, cancións, retahílas...
- Contamos tamén cunha biblioteca de aula que nos permite iniciar o contacto coas imaxes impresas e coas letras, dun xeito moi natural e paulatino.

A sala de usos múltiples:

- É unha área da escola empregada para realizar actividades de psicomotricidade: con pelotas, tubos de goma, círculos ou liñas que marcamos no chan... Tamén se levan

a cabo xogos cooperativos dirixidos polos docentes, xogos con cancións ou música, xogo libre e xogo simbólico cos bonecos, os coches, a cociña...

- Estas actividades están moi orientadas ao desenvolvemento da autonomía, por iso o espazo inicial sempre parte dun ambiente libre de obstáculos que imos organizando en función da proposta programada. Ademais, é un espazo moi motivador porque a estas idades a necesidade de movemento é moi intensa.
- Por outra banda, este tipo de xogos son unha ferramenta esencial para o desenvolvemento social, posto que a través delas traballamos actitudes interpersoais (intercambio de xoguetes, pedida de axuda, respecto dos compañeiros...) así como hábitos útiles para o coidado do espazo e do desenvolvemento individual.

A zona de aseos, o cambiador e sala de descanso: son espazos da escola que permiten a toma de conciencia das necesidades fisiolóxicas, así como da adquisición do gusto pola limpeza e a hixiene persoal. Estes momentos son aproveitados para a estimulación sensorial, comunicativa e social dos pequenos.

O comedor segue a liña dos espazos anteriores en canto ao desenvolvemento de hábitos persoais, que neste caso ven sendo estimulados por normas de comportamento en espazos de alimentación, así como na potenciación de habilidades autónomas.

5.9. Os tempos:

A distribución temporal das actividades e segmentos temporais propios da xornada educativa organizaranse baixo supostos flexibles de tempo, que poderán ser modificados para dar unha resposta axustada as necesidades do grupo de alumnos/as, así como as necesidades metodolóxicas de calquera das propostas planificadas.

Na organización e planificación da programación (*ver modelo de xornada no seguinte apartado*) de aula terase moi en conta a *Curva da Fatiga* de **E. Kraepelin**, quen expón que é moito máis recomendable dedicar as primeiras horas a tarefas cun maior grao de esixencia cognitiva. Deste xeito, segundo avanza o día as propostas planificadas avanzarán cara actividades de corte lúdico, que permitan unha relaxación e descarga emocional e motriz.

Así mesmo, terase en conta as características e necesidades individuais tendo propostas alternativas para aqueles nenos e nenas cun ritmo de traballo máis alto.

Na organización de tempos da escola, teremos en conta tempos específicos para as familias, tanto informais (entradas e saídas) como unha hora específica semanal para atender casos que requiran un tratamento máis directo e persoal.

5.10. Organización da xornada diaria (RUTINAS):

A organización da nosa xornada é a que se ve a continuación:

PROGRAMACIÓN DE AULA

9:00 – 10:00	Entrada. Experiencias manipulativas e/ou audiovisuais.
10:00 – 10:30	Asemblea: <ul style="list-style-type: none">• Música para escoitar, sons e danza.• Asistencia e calendario.• Experiencias prelingüísticas e lingüísticas.
10:30 – 10:45	Experiencias didácticas.
10:45 – 11:00	Parva.
11:00 – 11:30	Xogo libre e/ou segmentos de lecer.
11:30 – 12:30	Hora do conto. Experiencias didácticas.
12:30 – 14:00	Saída flexible do alumnado (dependendo do horario estipulado).
13:00 – 14:00	Comedor (con hábitos anteriores e posteriores) e sestas (con tempos adaptados a cada crianza).
13:30 – 14:30	Entrada dos da tarde.
14:30 – 15:00	Experiencias manipulativas e/ou audiovisuais.
15:00 – 16:00	Hora do conto. Experiencias didácticas.
16:00 – 16:30	Merendas e hábitos relacionados.
16:30 – 17:30	Saída. Cambio de cueiros. Xogo libre na sala de usos múltiples. Experiencias manipulativas e/ou audiovisuais.

• ¿Como é un día na nosa escola?

A **entrada** do alumnado pode definirse como unha sesión amable. Os nenos e nenas van entrando de xeito flexible á escola, nos tempos seleccionados pola familias; sempre antes das 10:00, para poder comezar os momentos educativos todos xuntos.

Este momento supón un tempo tranquilo, no que alumnado e mestras compartimos momentos de comunicación, xogo e afecto.

Trala entrada, unha vez que todo o alumnado incorporouse á aula levamos a cabo algunha **experiencia audiovisual** (por exemplo, canción dos bos días) ou **manipulativa** (por exemplo, exploración libre de elementos estacionais da contorna). Deste xeito comezamos a centrar a atención e baixamos o nivel de excitación.

Unha vez rematamos a experiencia audiovisual ou manipulativa continuamos coas **rutinas**. Todos xuntos, sentados en corro, facemos o calendario (no que se inclúen cancións específicas), comprobamos a asistencia e facemos algunha actividade de estimulación oral (por exemplo, o luns preguntamos que fixeron na fin de semana).

Continuamos con **experiencias didácticas específicas** e editadas polas mestras (por exemplo, a representación simbólica da chuvia na libreta de arte) ou as láminas interactivas do proxecto, entre outras opcións. Neste segmento, tendemos a traballar primeiro cos maiores e logo cos pequenos. Ás veces alternamos os grupos en función dos días e do previamente programado. Tamén compartimos momentos en conxunto, todos á vez, por exemplo cando son actividades de carácter artístico que son de carácter espontáneo ou libre.

Unha vez rematamos as experiencias didácticas chega o momento de **hábitos de hixiene** (para os nenos/as sen cueiros) e a **hora da parva**. Dirixímonos ao comedor. De xeito individual, imos repartindo as merendas, que veñen preparadas da casa. Neste momento, acompañamos aos nenos e nenas, animándoos a degustar a froita, os lácteos... estimulamos a autonomía na medida do posible e axudamos cando é necesario.

O seguinte momento da xornada está adicado ao xogo libre (no que as crianzas poden escoller o espazo e a actividade a desenvolver) e/ou segmentos de lecer. Neste momento, comeza o cambio de cueiros que se estende ata que todos/as están cambiados.

Unha vez o alumnado tivo un tempo de lecer e ocio, dentro das posibilidades evolutivas, avanzamos cara outro segmento moi estimulante: **a hora do conto**. Nesta actividade buscamos a modulación da voz e a integración de historias do interese xeral do alumnado para inicialos no mundo da lectura dunha forma motivadora. Aproveitamos tamén para continuar con outras **experiencias didácticas**, de corte artístico.

Chegados a este momento, comezan as **saídas do alumnado**, polo que na aula de traballo aproveitamos este momento para os xogos lóxicos e individuais. Así reducimos o nivel de excitación e preparámonos para a saída.

Continuamos coa **hora da comida**, que ten lugar no comedor. Na mesma liña que coa merenda, procuramos fomentar a autonomía do alumnado e axudamos cando é necesario. Trala comida, chega o momento da sesta, nos que os nenos e nenas están acompañados para conciliar o sono sen medo nin angustias. Eles/as contribúen na preparación e recollida do espazo.

A **sesión da tarde** comeza coa entrada dos nenos e nenas desta xornada. A entrada é máis breve. Nela levamos a cabo propostas manipulativas e audiovisuais. Seguimos coa **lectura dun conto**, para crear un bo ambiente e potenciar unha actitude positiva. Unha vez rematamos poñémonos mans á obra coas **tarefas didácticas** correspondentes e que os compañeiros/as xa fixeron pola mañá.

Continuamos coa **merenda**, un momento no que seguimos fomentando a autonomía e a cata de diferentes sabores, sempre promovendo unha boa alimentación.

Antes de rematar a xornada, realizamos unha última quenda de **cambio de cueiros**, **xogamos libremente na sala de usos múltiples** e aproveitamos para realizar uns **xogos lóxicos** na alfombra e escoitar algo de **música**.

Ademais deste modelo de xornada, temos que ter en conta que existen momentos e días nos que teñen lugar **festas e días especiais**. Falamos de eventos socio – culturais

(contacontos, visita á biblioteca local...), festas (festival de nadal, visita do apalpador, festival de entroido...), día da familia, aniversarios... Sempre teremos especial coidado coas circunstancias de cada neno e nena, as novas situacións familiares, a diversidade de costumes culturais...etc. aproveitando as posibilidades educativas que ofrecen respectando os valores individuais.

5.11. Os materiais:

O material no primeiro ciclo de Educación Infantil pode ser moi variado, dada a gran cantidade existente; polo que os criterios tidos en conta á hora de equipar un centro serán que o material:

- Facilite e estimule o desenvolvemento da crianza cara unha progresiva autonomía nos distintos ámbitos de experiencia.
- Fomente novas experiencias e esperte a súa curiosidade, respecto ó mundo que os rodea, ós iguais e ós obxectos.
- Amplíe o universo de coñecementos e permitan a observación dos seres, aspectos e imaxes.
- Que poidan experimentar con el.
- Suscite vínculos afectivos e relacións que faciliten a descentración afectiva.

Segundo a súa procedencia, os materiais poderán ser:

- Mercados (xogos educativos, material impreso, instrumentos musicais...).
- Recollidos en saídas (follas, pedras, cunchas...).
- Confeccionados polos educadores.
- Seleccionados entre o refugallo (botes, caixas, tapas...).
- Recursos impresos (proxecto editorial, láminas de observación...).
- Recursos tecnolóxicos (pdi, ordenador, robots...).

Pero, tódolos materiais e recursos empregados deberán ser:

- Seguros.
- Resistentes e duradeiros.

- Manexables.
- Empregados con fins pedagóxicos.
- Atractivos.
- Polivalentes.
- Non tóxicos.
- Lavables.

É necesario destacar que, no caso dos materiais mercados, deberán pasar o control de Calidade da Unión Europea.

Así mesmo, os criterios de disposición, uso e conservación serán os seguintes:

- Os materiais deberán estar ordenados por criterios coñecidos e aceptados polos nenos.
- Non se deben sacar tódolos materiais xuntos, é preferible ir expoñéndoos de forma progresiva.
- Deberanse revisar a miúdo e lavar e retirar os deteriorados.
- Deberanse establecer e dar a coñecer unhas normas para o emprego do material.
- Débense recuperar materiais.

O material educativo que contribúe ao proceso educativo atopase organizado nas dúas aulas principais da escola.

Na aula de traballo atopamos o material didáctico, ferramentas útiles para a manipulación de recursos funxibles. Tamén podemos localizar materiais de estimulación das capacidades infantís, lúdicos e educativos, así como recursos dixitais.

Na aula de usos múltiples os recursos dispoñibles teñen un corte máis lúdico, motriz e simbólico.

5.12. Tratamento lingüístico:

No marco lingüístico da nosa comunidade é preciso ter en conta a coexistencia do galego e do castelán.

Tal e como recolle o noso decreto curricular será preciso facer un tratamento equilibrado de ámbalas dúas linguas. Por iso, dende un punto de vista educativo, procuraremos utilizar ámbalas dúas de xeito indiscriminado en todo tipo de actividade, buscando sempre un tratamento equiparado das mesmas.

En canto ao material didáctico e outros recursos audiovisuais aseguraremos de ter un catálogo que nos permita abarcar as necesidades das dúas linguas.

Como norma xeral de funcionamento, e obxectivo do noso P.E, tratarase de potenciar a lingua galega, que será tamén a do normal funcionamento administrativo do centro.

Dentro das posibilidades evolutivas do ciclo, buscarase favorecer un coñecemento e adquisición do galego e do castelán. En todo momento, atenderase de xeito individualizado a cada alumno na lingua que empreguen, respectando a normativa establecida para este fin.

As palabras e o vocabulario propio de cada unha das linguas cooficiais actuarán como nexo de unión desde o que enriquecer a bagaxe cultural e desenvolver a sensibilidade e a creatividade, de xeito que se lle ofrece á infancia, simultaneamente, a chave de acceso a unha cidadanía crítica, solidaria, igualitaria e comprometida coa sociedade.

A nivel metodolóxico, centraremos na estimulación oral en ámbalas dúas linguas, aproveitaremos as actividades lúdicas e de participación grupal como forma de estimulación comunicativa, potenciaremos o gusto pola escoita de contos e cancións nas dúas linguas...

5.13. Avaliación:

A **avaliación** é un proceso que permite valorar o progreso do alumnado na aula, pero ao mesmo tempo é unha ferramenta útil para a valoración do traballo docente e das propostas empregadas.

O proceso comeza coa **avaliación inicial**, imprescindible para a identificación das capacidades que os nenos e nenas amosan na súa chegada a escola. Ao longo da súa estancia no primeiro ciclo realizase unha **valoración continua**, que permitirá analizar os

progresos e as posibles dificultades. Así mesmo, e de forma conclusiva, levaremos a cabo unha **avaliación final** nas que se especificarán as conclusións de todo o proceso.

Deste xeito daremos resposta ás **características da avaliación infantil**: global (que atende ao conxunto das capacidades), continua (que se leva a cabo durante todo o proceso) e formativa (que recolle información que permite dar unha resposta individualizada a cada situación en particular).

Como **ferramentas** principais para o desenvolvemento da avaliación faremos uso da observación directa e sistemática. Así mesmo, valoraremos o desenvolvemento que os pequenos e pequenas amosan nas tarefas, así como a información que as familias poidan proporcionar.

Por suposto, todo isto quedará reflectido nun **diario de aula**. Así mesmo, a valoración infantil farase en **termos cualitativos**.

A avaliación das capacidades infantís que se perseguen coa estruturación duns obxectivos require doutro recursos que permita valorar a súa consecución.

Para poñer en marcha o proceso de avaliación, apoiarémonos nun conxunto de **criterios de avaliación**, que se amosan a continuación, clasificados nas diferentes áreas de aprendizaxe. Esta clasificación non é unha estandarización do traballo docente, simplemente está orientado a facilitar a planificación das propostas.

Os criterios son unha ferramenta que nos permite avaliar o progreso do alumnado, os coñecementos adquiridos, así como o grao de iniciación no desenvolvemento das competencias clave.

O conxunto de criterios listados a continuación, están elaborados tendo en conta os criterios de avaliación marcados en cada unha das áreas do noso decreto curricular así como os obxectivos e contidos previamente citados.

• CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESPECÍFICOS PARA OS NENOS/AS DE 1 – 3 ANOS

• Área de Comunicación e Representación da Realidade

- Discriminar ruídos corporais e ambientais como forma de estimulación auditiva.

- Empregar o vocabulario de forma axeitada para nomear animais persoas e obxectos, así como para describir as súas características.
- Modular o ton da voz en diferentes contextos comunicativos.
- Respetar as quendas de expresión en situacións comunicativas grupais.
- Apreciar e combinar o uso do son e do silencio en diferentes situacións comunicativas.
- Iniciarse no uso de fórmulas de cortesía como medio de comunicación social e práctica de situacións cotiás.
- Interpretar e comprender xestos en situacións comunicativas.
- Asociar experiencias educativas da aula con experiencias previas, como medio de construción de aprendizaxes significativos.
- Prestar atención aos elementos musicais nas reproducións auditivas da aula.
- Construír, progresivamente, frases de maior complexidade, integrando diferentes tipos de palabras e avanzando na conquista da expresión oral.
- Formar parte de situacións comunicativas da aula, respectando a importancia da quenda de palabra, mostrando sempre actitudes positivas.
- Experimentar e divertirse utilizando a lingua oral mediante a combinación de sons e palabras.
- Iniciarse no uso do trazo, aproveitando a superficie ofrecida, mediante diferentes técnicas e en diferentes soportes.
- Realizar grafismos en diferentes direccións e través de diferentes propostas lóxicas (labirintos, camiños...).
- Mellorar o control visión – prensión, amosando a construcións de formas garabateadas controladas.
- Garabatear e realizar outro tipo de producións con liberdade e de xeito espontáneo.
- Progresar no control manual a través de técnicas plásticas variadas (rachar, amasar, engurrar...).
- Experimentar coa composición e pegado de papeis para elaborar collages.
- Observar producións resultantes do uso de diferentes materiais plásticos.
- Utilizar diferentes tipos de ferramentas nas producións artísticas.

- Experimentar coas calidades de diferentes materiais plásticos, descubriendo as posibilidades dos mesmos a través de producións propias.
 - Descubrir as posibilidades artísticas de materiais de refugallo e outras opcións cotiás.
 - Experimentar libremente coa pintura, dando renda solta á imaxinación, en diferentes soportes e propostas.
 - Apreciar as producións dos compañeiros e respectalas.
 - Comprender signos e símbolos observados en diferentes soportes: audiovisual, contacto directo e a manifestar a súa impresión a través de distintas linguaxes (oral, xestual, motriz...).
 - Mostrar aprecio e gusto na audición e lectura de diferentes formatos: poemas, cancións, contos dramatizados, lecturas...
 - Iniciarse na diferenciación de formas escritas de garabatos, mediante a observación directa e o contacto cotiá con estas formas.
 - Iniciarse no gusto pola lectura a través do contacto con contos (lidos en grupo e explorados individualmente) e o desfrute de narracións, dramatizacións e audicións.
 - Expresar emocións, opinións e interpretacións acerca de recursos literarios.
 - Discriminar elementos seleccionados de contos, analizándoos en funcións dos requirimentos de cada actividade.
 - Valorar e servirse da vantaxe de vivir nun contexto bilingüe.
 - Explorar a expresión dramática: os xestos, a danza, o movemento...
 - Participar de forma activa e interesada en actividades dramáticas.
 - Usar a cultura galega como fonte de observación e dramatización literaria.
 - Construír, progresivamente, unha rede de valores persoais, apoiándose na cultura galega.
 - Aproveitar os contos populares como fonte de aprendizaxe.
 - Gozar con diferentes manifestacións musicais.
- **Área de Crecemento en Harmonía**
- Construír o esquema corporal a través de actividades musicais, motrices, plásticas...
 - Descubrir os límites e posibilidades de acción en diferentes tarefas.

- Nomear e identificar as diferentes partes do corpo, avanzando na construción do esquema corporal.
 - Discriminar a propia imaxe da dos demais, valorando as características que nos unen e nos diferencian.
 - Iniciarse na construción das nocións espaciais, tomando como referencia o propio corpo, así como outros obxectos e seres.
 - Avanzar no dominio motriz do corpo: a marcha, a coordinación de movementos e o equilibrio.
 - Coordinar diferentes tipos de movemento nun espazo determinado: camiñar, gatear, saltar, reptar...
 - Progresar no dominio motriz manual fino a través de propostas como encaixar, rachar, engurrar, modelar...
 - Mellorar as habilidades sociais e a autoestima a través da expresión de opinións.
 - Explorar as posibilidades do aparello sensorial e a información que proporcionan, interna e externa.
 - Afondar na regulación emocional como medio de progresar no desenvolvemento das súas habilidades inter e intra persoais.
 - Amosar unha boa actitude en situacións frustrantes, que requiran a regulación do comportamento e das emocións.
 - Identificar e expresar as necesidades corporais, pedindo axuda cando sexa necesario.
 - Valorar a importancia da axuda como un medio de desenvolvemento persoal.
 - Identificar riscos cotiás, axustando o comportamento cando sexa necesario.
 - Responsabilizarse do coidado do material e da limpeza da aula.
 - Participar en actividades, incluído aos compañeiros e animando a participación.
 - Desenvolver conductas respectuosas, comprensivas e non estereotipadas na vida da aula.
- **Área de Descubrimento e Exploración da Contorna**
- Diferenciar as características de obxectos, seres e fenómenos para a construción de aprendizaxes funcionais.

- Observar as características de obxectos, seres e fenómenos como un apoio para a comprobación o paso do tempo.
- Avanzar no uso do pensamento lóxico, apoiándose no uso de cuantificadores e outros conceptos de medida.
- Experimentar coas posibilidades de transformación de diferentes materiais.
- Valorar os cambios que sofren os materiais trala acción sobre os mesmos.
- Establecer comparacións dunha acción sobre materias, obxectos e persoas.
- Identificar elementos do contorno e explorar activamente as súas características, coñecendo así o medio inmediato dunha forma máis precisa.
- Coñecer diferentes clases de animais, clasificándoos e diferenciándoos a través das súas características e do medio no que habitan.
- Iniciarse no coñecemento das plantas a través do coidado e descubrimento das súas características.
- Experimentar coa reciclaxe e con outras iniciativas do coidado ambiental para adquirir actitudes conscientes e ecoresponsables.
- Diferenciar distintos grupos sociais e os seus integrantes: a familia, a escola, a rúa.
- Identificar diferentes espazos da casa, da escola e do pobo, descubriendo as actividades que nelas se realizan.
- Coñecer personaxes, seres e outros elementos propios da nosa contorna.
- Participar en actividades da vida cotiá que permitan o desenvolvemento social: ir a compra, asistir á escola, participar en eventos sociais infantís...
- Descubrir figuras propias da cultura galega a través de recursos literarios e musicais.
- Iniciarse no uso de propostas folclóricas: cancións, danzas, xogos orais...
- Participar no coidado do medio social.
- Comprender e aceptar normas.